

Encaixa voandeira M1

Memoria

A obra escultórica “Encaixa voandeira” mostra o proceso da evolución experimental da serie “ENCAIXA”, onde o metal comparte forma co plástico reciclado.

Estamos a falar dun traballo que reflicte conceptos do baleiro e do seu contrario ó cheo, constituído este como volume, en clave de espazo interior-exterior.

Por unha banda, o baleirado inscrito no perímetro dun obxecto previamente debullado sobre un plano, que ao recortalo (imitándolle como quen abre unha lata de sardiñas), cobra un novo sitio mediante o reprego e reviritar do metal seccionado. Aquí é cando nace o segundo plano, cun xeito de caixa metálica insinuante.

Por outra, a obra remata cunha terceira pel en forma de trama, de cadrícula de galería coruñesa, permitíndolle a peza, unha transparencia necesaria para poder albiscar as nubes dunha escultura a voar.

Trátase da transformación dun plano, dunha superficie chaira e férica en direccións opostas, capa alta, media e baixa, ceo, auga e terra. Fiestras da superficie mineral ou láminas líquidas que nos permiten mergullarmos e traspasalas nas dúas dirección, cara as profundidades ou cara o ceo.

Esta organización de elementos son o resultado dunha obra que conquista outro lugar onde renova o punto de vista, pasando do muro ao teito, nunha sorte de obra móbil e voandeira.

En definitiva, son formas e conceptos que nos permiten soñar territorios imposibles lendo coa linguaxe das artes visuais, a escrita plástica tatuada nun corpo escultórico.

Pepe Galán.

